



Tribunal das probas selectivas para o acceso á escala administrativa, subgrupo C1, pola quenda de promoción interna, convocadas por resolución reitoral de 12 de xaneiro de 2024 (DOG núm. 16, de 23 de xaneiro de 2024)

SEGUNDO EJERCICIO. SUPOSTO PRÁCTICO
BLOQUE IV: ORGANIZACIÓN E XESTIÓN UNIVERSITARIA
VERSIÓN EN GALEGO

A.A.A. foi elixida decana da Facultade de Dereito nas eleccións do día 1 de setembro de 2023. É profesora permanente laboral da USC do Departamento de Dereito Común e está acreditada para ser profesora titular de universidade.

Na Facultade de Dereito impártese o Grao en Dereito e o Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría.

Un profesor do dito máster, B.B.B, ten ao seu fillo, C.C.C., como alumno nunha materia que imparte. Decide avalialo sen absterse. Outro alumno da materia, D.D.D., promove a recusación contra o docente en base ao parentesco entre este e o discente.

D.D.D., que é Licenciado en Dereito pola Universidade de Montevideo (Uruguai), estivo contratado nun bufete de avogados durante varios anos antes de comezar o máster. Ten recoñecido un grado de discapacidade superior ao 33 por cento, polo que solicitou unha exención dos prezos públicos da matrícula.

Logo de superar a defensa do Traballo de Fin de Máster (TFM) solicita o seu título universitario, que será expedido pola universidade acompañado do Suplemento Europeo ao Título (SET).

1. Que requisito cumpre A.A.A. para ser elixida decana da facultade, de conformidade co artigo 52 da *Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario*?
 - a) Estar acreditada para ser profesora titular de universidade.
 - b) Ser profesora permanente laboral da universidade.
 - c) Ser profesora asociada.
2. Cal é a duración máxima do seu mandato, segundo o artigo 44 da *Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario*?
 - a) Seis anos improrrogables e non renovables.
 - b) Catro anos improrrogables e non renovables.
 - c) Cinco anos improrrogables e non renovables.
3. O 1 de febreiro de 2024 A.A.A. toma posesión como profesora titular de universidade. Segundo o artigo 64 da *Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo,*

do Sistema Universitario, podería ser á vez profesora nunha universidade privada?

- a) Non podería ser profesora na universidade privada.
- b) Podería compatibilizar os dous postos cando deixe de ser decana.
- c) Podería ser profesora na universidade privada coa autorización do reitor ou reitora.

4. De acordo co artigo 16 do *Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade*, os estudos de Máster Universitario teñen como obxectivo:

- a) A adquisición das competencias e as habilidades concernentes á investigación dentro dun ámbito do coñecemento científico, técnico, humanístico, artístico ou cultural.
- b) A obtención por parte do estudantado dunha formación básica e xeneralista nunha disciplina determinada.
- c) A formación avanzada, de carácter especializado tematicamente ou multidisciplinar nos saberes científico, tecnolóxico, humanístico e artístico, dirixida á especialización académica e á profesional, ou no seu caso, encamiñada á aprendizaxe nas actividades investigadoras.

5. Contra unha resolución da decana cabe recurso administrativo?

- a) Si, recurso de alzada ante o reitor ou reitora.
- b) Si, recurso potestativo de reposición ante a decana, xa que as súas resolucións esgotan a vía administrativa.
- c) Si, recurso de alzada ante o Consello de Goberno.

6. Segundo ao artigo 8 do *Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade*, en nome de quen se expiden os títulos universitarios oficiais?

- a) En nome do reitor ou reitora.
- b) En nome do rei.

- c) En nome do ministro ou ministra con competencias en materia de educación.

7. O artigo 9 do *Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade* establece que as guías docentes das materias do plan de estudos dun título universitario oficial de Grao ou Máster Universitario incluírán:

- a) Os horarios das actividades académicas teóricas e prácticas.
- b) O sistema de avaliación da aprendizaxe programada.
- c) As dúas respostas anteriores son incorrectas.

8. Segundo ao artigo 10 do *Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade*, os créditos académicos recoñecidos pola experiencia profesional e laboral:

- a) Non poderán superar, globalmente, o 15 por cento do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter.
- b) Non poderán superar, globalmente, o 10 por cento do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter.
- c) Non poderán superar, globalmente, o 5 por cento do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter.

9. Que normativa regula o Suplemento Europeo ao Título (SET) correspondente ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao e Máster?

- a) Real Decreto 1044/2003, do 1 de agosto, polo que se establece o procedemento de expedición polas universidades do Suplemento Europeo ao Título.
- b) Real Decreto 22/2015, do 23 de xaneiro, polo que se establecen os requisitos de expedición do Suplemento Europeo aos títulos regulados no Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro.
- c) Real Decreto 195/2016, do 13 de maio, polo que se establecen os requisitos para a expedición do Suplemento Europeo ao Título.

10. O Suplemento Europeo ao Título debe conter a seguinte información:
- a) Información sobre o sistema nacional de educación superior.
 - b) Información sobre a inserción laboral da titulación.
 - c) As dúas respostas anteriores son incorrectas.
11. Quen fixa os prezos públicos dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial?:
- a) A Comunidade Autónoma.
 - b) O Consello Social da universidade.
 - c) As dúas respostas anteriores son incorrectas.
12. Segundo o artigo 17 do *Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade*, os plans de estudos conducentes á obtención dun título de Máster Universitario contarán con:
- a) 60, 120 ou 180 créditos ECTS.
 - b) 60, 90 ou 120 créditos ECTS.
 - c) 90, 120 ou 180 créditos ECTS.
13. Cantos créditos pode ter un Traballo de Fin de Máster (TFM), segundo o artigo 17 do *Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade*?
- a) Un mínimo de 6 créditos ECTS e un máximo de 24.
 - b) Un mínimo de 12 créditos ECTS e un máximo de 30.
 - c) Un mínimo de 6 créditos ECTS e un máximo de 30.
14. Sinale a resposta correcta, de acordo co artigo 18 do *Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade*:
- a) Poderán acceder a un Máster Universitario do sistema universitario español as persoas en posesión de títulos procedentes de sistemas educativos que non formen parte do EEES, só no caso de que teñan previamente o seu título homologado.

- b) Poderán acceder a un Máster Universitario do sistema universitario español as persoas en posesión de títulos procedentes de sistemas educativos que non formen parte do EEES, que equivallan ao título de Grao, sen necesidade de homologación do título, pero si da comprobación por parte da universidade do nivel de formación que implican, sempre e cando no país onde se expedira o dito título permita acceder a estudos de nivel de posgrao universitario.
- c) Poderán acceder a un Máster Universitario do sistema universitario español as persoas en posesión de títulos procedentes de sistemas educativos que non formen parte do EEES, que equivallan ao título de Grao, sen necesidade de homologación do título, pero si da comprobación por parte da universidade do nivel de formación que implican, aínda que non permitan acceder a estudos de nivel de posgrao universitario no país onde se expediran.

15. Segundo ao artigo 18 do *Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade*, nos títulos universitarios oficiais de Máster Universitario as universidades reservarán para as persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento:

- a) Como mínimo, un 5 por cento das prazas ofertadas.
- b) Como máximo, un 5 por cento das prazas ofertadas.
- c) Como mínimo, un 3 por cento das prazas ofertadas.

PREGUNTAS DE RESERVA

- 1. De acordo co artigo 106 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, na revisión de oficio:
 - a) O prazo que ten a administración para resolver é de 6 meses.
 - b) Non cabe o inicio do procedemento por solicitude do interesado.
 - c) Poden ser obxecto de revisión todos os actos administrativos.

2. Se a recusación promovida por D.D.D. fose desestimada, que recurso cabería interpoñer?
- a) Recurso de alzada ante o superior xerárquico.
 - b) Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que resolve a recusación.
 - c) Contra a resolución adoptada nesta materia non cabe recurso.
3. Sería válido un acto administrativo derivado da actuación do docente B.B.B. se non se abstivo no seu momento?
- a) A actuación de B.B.B. implicará en todo caso a invalidez do acto administrativo.
 - b) A actuación de B.B.B. non implicará, necesariamente, e en todo caso, a invalidez do acto administrativo.
 - c) A actuación de B.B.B. non afecta, en ningún caso, á validez ou invalidez do acto administrativo.